

Premio Exeria a proxectos de creación literaria

BASES DA CONVOCATORIA:

O Concello de Santiago de Compostela convoca o Premio Exeria a proxectos de creación literaria, un certame que ten por obxecto incentivar a creatividade e a creación literaria escritas en lingua galega. Este premio pretende fornecer os escritores e escritoras de Galicia un espazo, un tempo e un contexto no que desenvolver en condicións óptimas o proxecto literario premiado cunha dedicación exclusiva dentro dun ámbito internacional. Esta convocatoria conta coa colaboración da Residencia Literaria 1863 e o Consulado Xeral de España en Xerusalén.

O premio rexerase polas seguintes bases:

1ª. Poderán concorrer ao premio as persoas que se dediquen á escrita literaria/creativa, maiores de idade, empadroadas en Santiago de Compostela, con independencia do xénero literario a empregar mediante a presentación dun proxecto de creación literaria. Cada solicitante poderá presentar unicamente un proxecto.

2ª. O premio consiste nunha dotación económica de 3.000 €, á que se lle practicarán as retencións tributarias que correspondan, e a reserva, durante todo o mes de agosto de 2023, da Residencia Al Mamal sita na cidade de Xerusalén. O aluguer da residencia, os traslados terrestres e os billetes de avión correrán a cargo da persoa beneficiaria. O Concello de Santiago de Compostela unicamente facilitará a reserva da residencia e as xestións consulares.

3ª. Os traballos a desenvolver deben ser inéditos, contaren cun proceso de xestión xa encarreirado e non contaren con ningunha distinción previa.

4ª. O prazo de presentación de solicitudes é de 30 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

5ª. As solicitudes poderán presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Santiago, da Red Sara ou de forma presencial na oficina de rexistro xeral do Concello de Santiago en horario de 9.00 a 13.00 horas, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administración públicas.

6ª. As solicitudes deberán incluír os seguintes contidos:

Datos persoais: nome completo, enderezo, teléfono, mail de contacto e data de nacemento.

DNI ou permiso de residencia escaneado en arquivo jpg ou pdf.

Curriculum Vitae ou Bio-bibliografía redactada nun máximo de tres páxinas.

Memoria: Descrición do proxecto literario que se pensa desenvolver, con indicación do xénero literario, sinopse ou tema/s principais, estrutura, forma, estilo e/ou calquera outro detalle que permita ao comité de valoración facerse unha idea o máis aproximada posible do plan creativo a perseguir. O posible rol da cidade de Santiago de Compostela na obra. A extensión máxima da memoria será de tres páxinas e presentarse en formato doc, docx, odt ou pdf.

Cartafol literario: composto por un máximo de tres documentos contendo pezas ou fragmentos literarios anteriores (publicados ou non) representativos do traballo literario da persoa solicitante. Cada un destes documentos non pode superar os cinco folios e presentarse en formato doc, docx, odt ou pdf.

Carta de motivación para solicitar este premio cunha extensión máxima de unha páxina en formato doc, docx, odt ou pdf.

7ª. Os proxectos serán avaliados por unha comisión formada por tres profesionais de recoñecido prestixio do ámbito literario galego que valorarán os seguintes aspectos:

O esforzo por unha maior e máis ambiciosa calidade artística, a procura da excelencia literaria, a orixinalidade e a innovación.

A coherencia, o rigor e a viabilidade do proxecto literario.

O compromiso e a responsabilidade creativa das intencións do proxecto.

A traxectoria e o cartafol literario da persoa solicitante.

A eventual vinculación do proxecto coa cidade de Santiago de Compostela.

A contribución do premio e a residencia ao desenvolvemento creativo da persoa solicitante, constituíndo unha oportunidade valiosa da que extraia a máxima produtividade, estímulo e inspiración.

8ª. A persoa gañadora terá a obriga de comunicar por escrito a aceptación do premio e o desfrute da residencia creativa no prazo de 10 días desde que lle foi comunicado. No caso de que non acepte perderá o dereito ao premio que recaerá no seguinte proxecto mellor valorado.

9ª. A xestión da reserva da residencia na cidade de Xerusalén será tramitada polo Concello de Santiago de Compostela.

10ª. Durante o período de residencia en Xerusalén deberanse respectar as normas establecidas pola Residencia Al Mamal, que fornecerá dun apartamento completo (salón - espazo de traballo, cociña aberta, dormitorio, cuarto de baño) dentro das instalacións da súa Fundación sita intramuros na parte leste da Cidade Vella de Xerusalén.

11ª. Durante o mes de setembro deberá presentar o resultado do traballo desenvolvido mediante breve memoria, dun máximo de 200 palabras na que se relate como foi de produtiva a experiencia que poida servir de estímulo a futuros solicitantes. Xuntarase tamén o texto escrito da obra literaria que debe superar, como mínimo, o 50% dos obxectivos marcados na memoria en canto a forma e extensión. Estes documentos presentaranse en formato doc, docx, odt ou pdf por rexistro electrónico.

12ª. Na publicación da obra resultante farase constar que foi beneficiaria do Premio Exeria a proxectos de creación literaria do Concello de Santiago de Compostela, facendo mención igualmente á Residencia Al Mamal en Xerusalén.

13ª O pago do importe farase efectivo tras a concesión polo que o incumprimento das obrigas por parte da persoa beneficiaria dará lugar ao correspondente expediente sancionador que poderá comportar o reintegro.

14ª. O xurado poderá declarar deserto o premio.

15ª. O ditame do xurado será inapelable e farase público transcorrido un mes dende o final do prazo de solicitudes.

16ª. Os proxectos presentados non se devolverán e serán destruídos.

17ª. A participación neste certame implica a total aceptación e conformidade con estas bases.